

## **TÍTULO**

Proxecto PAN: a panificación nos Ancares.

## **AUTORES, FILIACIÓN E CORREO ELECTRÓNICO**

Mario Outeiro Iglesias, IES Pedregal de Irimia (Consellería de Cultura, Educación e Universidade), mariocorgo@gmail.com.

Felipe Trillo Alonso, Facultade de Ciencias da Educación (Universidade de Santiago de Compostela), felipe.trillo@usc.es.

## **RESUMO**

A comunicación que se presenta é o relato dunha experiencia desenvolvida arredor do ciclo do pan nun centro público integrado (CPI) da comarca dos Ancares Lucenses e que foi realizada dende a militancia, ben intencionada, dun grupo de profesores e profesoras no desenvolvemento rural sustentábel. Pasados catro anos do remate das actividades consideramos que non foi suficientemente posta en valor e atopamos nos obxectivos e preguntas que nordean este congreso o lugar idóneo para compartir a proposta. A iniciativa pódese considerar como unha resposta dada dende a educación formal a retos como a sustentabilidade, a educación ambiental ou a transición socio-ecolóxica.

No último cuarto de século XX e no que vai do primeiro do século XXI, o mundo rural galego sufriu unha transformación brutal que o cambiou para sempre. Unha transformación que foi aumentando de xeito exponencial e non lineal, traducida no abandono de innumerábeis lugares que co paso dos anos foron quedando deshabitados, baleiros de persoas e dos usos que, durante os séculos anteriores, albergaran e tiveran de xeito case inalterábel.

Esa circunstancia viuse acentuada nas zonas de montaña polos problemas de comunicación (primeiro viarias e agora polas dificultades de acceso a internet de alta velocidade) e laborais derivados dunha orografía complexa. Por suposto, a comarca dos Ancares, e concretamente o concello de Cervantes, non é unha excepción e a perda de habitantes foi asociada a un abandono paulatino do medio físico e das terras de uso agrario.

O ciclo do pan pasou de ser habitual en todas as vivendas do concello a estar presente nunhas poucas, e todo o patrimonio material, inmaterial e natural asociado a ese ciclo reducido a cascallos, desmemoria e perda de biodiversidade. Froito desa desaparición, o alumnado actual ignora en gran medida ese amplo abano de coñecementos ou non é capaz de relacionalos no seu conxunto.

O proxecto PAN foi un ambicioso programa bianual iniciado no curso 2015-2016 de estudo do ciclo do pan nos Ancares. Abrangueu a todo o alumnado do CPI de Cervantes, aínda que estivo máis pensado para traballar na ESO. Implicou a varios departamentos e estruturouse en 3 partes: da semente á fariña, a masa e a cocción. Aínda que se estudou todo o ciclo do pan, o proxecto centrouse na panificación (transformación de fariña en pan).

O alumnado non só recibiu formación teórica e práctica senón que voluntariamente foi convidado a participar nun traballo de investigación (durante os dous cursos) para analizar cal era a situación do ciclo do pan na maior parte das casas do concello de Cervantes. Un proxecto que implicou ás familias e á veciñanza do alumnado e no que colaboraron asociacións da contorna, administracións públicas e o CPI de Navia de Suarna.

Un conxunto de actividades que sacou ao alumnado da súa zona de confort nas instalacións do centro, que os obrigou a compartir, a traballar en equipo e a ver a grande

sabedoría de persoas maiores que non tiveron a oportunidade de rematar os estudos primarios.